



Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Maio 2008



EDITORIAL

O AUTOEMPREGO COMO FÓRMULA XERADORA DE EMPREGO

**PILAR CANCELA RODRÍGUEZ. D.X. DE RELACIÓNS LABORAIS
COOPERATIVISMO E
DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Editorial

O autoemprego como fórmula xeradora de emprego

Tribuna

Cooperativismo e desenvolvemento local

Escolas abertas

Paga a pena

Perspectivas de futuro do alumnado traballador na rama de electricidade - fontanería

Obraquedobra

Coloquio co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Escola de Leboso": sementeira de produtores e produtoras ecolóxicas

Perspectivas de futuro unha vez rematada a escola obradoiro

Conversa co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Erizana" de Baiona sobre a súa experiencia no proxecto e as súas expectativas laborais

Apuntamentos

O módulo formativo de orientación laboral

O cooperativismo, ferramenta para o desenvolvemento local

landra

Revista informativa

Edita:

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:

Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:

Rosa Aguado López
Begoña Álvarez González
Natalia Díaz Martínez
Carmen Domínguez Paz
Blanca González de la Cuesta
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Angeles Romero Bello
Xulio Troitiño Dapena

Colaboran neste número:

Alumnado e equipo directivo / docente do OE "Escola de Leboso" de Forcarei
Alumnado e equipo directivo / docente do OE "Erizana" de Baiona
Pilar Cancela Rodríguez
José Manuel Dávila Peleteiro
Laura García Pérez
Lourdes González Salceda
Cándida Lavandeira Troitiño
Ana Lorenzo Vila
Aitor Pérez Prol
Fátima Nieto Dios
Ramiro Ramírez Lorenzo
Lucía Romero Lores

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Landra é unha publicación que respecta a liberdade de expresión. A UPD non comparte necesariamente a opinión das persoas colaboradoras

O autoemprego como fórmula xeradora de emprego

Enténdese por autoemprego a actividade laboral xerada pola propia persoa ou persoas que a dirixen e a exercen de forma directa, xestionando unha serie de recursos e obtendo a través desta actividade unha serie de ingresos. Desta maneira, consideramos tamén o autoemprego como unha alternativa ao traballo por conta allea, xa que a persoa emprendedora (suxeito do autoemprego) en vez de buscar emprego sendo traballador ou subordinado doutra persoa ou empresa, aplica o seu esforzo persoal e os seus medios en crear o seu propio traballo (e moitas veces tamén o de máis persoas).

Ao mesmo tempo, esta alternativa de buscar emprego pode ser individual (unha soa persoa) ou colectiva (dúas ou varias persoas), non debendo asimilar o concepto de autoemprego ao de empresario individual autónomo; xa que o primeiro inclúe tamén o emprego creado por dúas ou máis persoas baixo unha fórmula asociativa, tipo cooperativa, sociedade limitada ou similar, cando iso supón a creación do posto de traballo para os e as propias socias. De igual maneira, o autoemprego pode supor traballo unicamente para a persoa promotora da iniciativa ou para máis traballadores asalariados. Calquera das formas descritas supoñen autoemprego en canto a que xeran emprego para o propio emprendedor. Finalmente, cabe a dúbida de considerar autoemprego o traballo dalgúns autónomos dependentes dunha única empresa para a que prestan servizos en exclusiva (repartidores ou preventistas, por exemplo).

Polo tanto, xa na propia definición está o carácter de xerador de emprego que ten todo proxecto de autoemprego. Así mesmo, hai que ter tamén en conta que toda activi-

A alternativa de
buscar emprego
pode ser
individual ou
colectiva; non se
debe asimilar
autoemprego
con autónomo

dade empresarial xera á súa vez emprego e riqueza indirectamente, que resulta moi difícil de cuantificar pero que ten consecuencias, sobre todo a nivel de economía local, xerando novos fluxos: compras a provedores (de materias primas ou de investimentos), subcontratacións a outras empresas (limpeza, telecomunicacións, subministros, servizos de profesionais como pode ser asesoría, etc.), pago de impostos e taxas (custos de seguridade social, licenzas,), arrendamentos, etc. É dicir, o autoemprego tamén favorece o entramado económico local e a aparición de novas actividades de servizos a empresas.

Non hai que esquecer ademais, que moitas veces os proxectos de autoemprego acaban por convertérense en empresas de maior dimensión, sendo grandes xeradores de emprego por conta allea. Sen dar nomes, algunhas franquías son o claro exemplo desta afirmación: empezaron en moitos casos sendo, por exemplo, pequenos comercios atendidos polos propios promotores e acabaron franqueando o seu nome e produtos e tendo grandes redes de distribución.

Editorial

Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Mancomuniade de Vigo



Editorial

En calquera caso, é de gran transcendencia que un territorio (xa sexa concello, rexión, país, etc.) conte cun tecido empresarial estable e que no mesmo se permita ou estimule a aparición e instalación de novas empresas, e en gran medida, de empresas locais aproveitando os recursos da zona (intelectuais, humanos e materiais), xa que iso evitará que tales recursos escapen a outros lugares, permitirá reinvestir o beneficio xerado no mesmo territorio e axudará a non ter tanta dependencia de factores externos como o investimento estranxeiro, a deslocalización de empresas foráneas, etc.

Vemos que o autoemprego é, por definición, un mecanismo xerador de emprego e como tal, é moi importante que por parte da Administración se poñan en marcha estratexias dirixidas a facilitar a actividade emprendedora e promover a cultura do emprendemento.

O *Informe Ejecutivo Galicia*¹, publicado recentemente, analiza a actividade emprendedora na nosa comunidade autónoma e, neste senso, achega conclusións e datos moi interesantes, como por exemplo:

■ Que a actividade emprendedora en Galicia é crecente (aumenta de ano en ano) e sitúase nunha posición destacada a nivel nacional e internacional, xa que se atopa por riba da media.

■ En Galicia existe un potencial emprendedor (porcentaxe de poboación que ten

pensado crear unha empresa nun futuro) bastante superior á media do estado. É máis, o estudo sitúanos como a terceira comunidade con máis potencial emprendedor. Resulta que, contra o que normalmente se pensa de que a xente en Galicia é pouco emprendedora, non asume riscos, prefire traballar por conta allea ou ser funcionario, non hai cultura emprendedora, o estudo sitúanos moi por diante doutras zonas.

■ Participación crecente da muller no proceso de creación de empresas, situándose tamén a porcentaxe de mulleres emprendedoras (44,43%) e de mulleres con negocios consolidados (30,2%) por riba da media nacional.

■ Aumenta o índice de actividade emprendedora entre as persoas máis novas (18 a 34 anos).

■ A maioría das empresas creadas en Galicia son microempresas, o que se pode asimilar ao autoemprego.

■ Predominio das persoas que se autoempregan porque é o que realmente queren e detectan unha oportunidade de negocio, preferindo traballar para si mesmos (autoemprego "por vocación"), sobre as persoas que acaban no autoemprego porque se lles pechan outras opcións de emprego (autoemprego "por necesidade"). A porcentaxe dos primeiros representa algo máis dun 78% do total, dato que é positivo xa que adoitan ser negocios con máis posibilidades de supervivencia e de éxito.

■ A principal fonte de recursos coa que contan as persoas emprendedoras para levar adiante o seu negocio é o autofinanciamento. Un dato significativo é que un 55,83% dos emprendedores achegan a totalidade do capital necesario.

(1) Este informe, no que participan a Confederación de Empresarios de Galicia, BIC Galicia e un equipo de investigación da Universidade de Santiago enmárcase dentro do Proxecto GEM (Global Entrepreneurship Monitor) que analiza o emprendemento a nivel internacional (participan máis de 40 países) e dentro do noso país, realiza informes a nivel rexional, o que permite ademais facer comparativas de datos e da situación dunha zona respecto a outras

■ Sería moi importante facilitar o acceso por parte das persoas emprendedoras ao financiamento alleo, xa que as entidades financeiras esixen unhas garantías moi altas.

De todo o anterior parece que, de partida, existen unhas condicións favorables para que xurdan novos emprendementos e que en Galicia hai un bo caldo de cultivo para o autoemprego.

O mesmo informe, tamén investiga sobre os obstáculos que frean a creación de empresas, e así, por orde de importancia, apúntanse os seguintes:

■ O sistema educativo e a escaseza de formación emprendedora.

■ As dificultades de acceso ao financiamento

■ A escaseza de políticas gobernamentais de apoio á creación de empresas.

■ O contexto político, social e intelectual,

■ A elevada carga fiscal que soportan as empresas na fase de posta en marcha e nos primeiros anos de vida.

Unha vez feita a análise anterior e volendo ao papel das Administracións no apoio a emprendedores, é fácil concluír que os esforzos deberán dirixirse, por un lado, a aproveitar e intensificar ese contexto favorable, e, polo outro, a reducir ou minimizar os obstáculos que se apuntaron. Máis en concreto, temos que:

■ Parece que as políticas dirixidas a incorporar á muller ao mundo empresarial van dando os seus froitos, e polo tanto débese seguir nesa liña.

■ Igualmente, o esforzo feito estes últimos anos no senso de impulsar a cultura e o espírito emprendedor entre a poboación nova (especialmente nos centros educativos) está a ser favorable para a creación de empresas.

■ Habería que continuar nesta liña de traballo de fomento da cultura emprede-

dora, porque, se ben é verdade que hai un avance importante, os expertos seguen apuntando á necesidade de maior formación e sensibilización para o autoemprego, xa que aínda se identifica como un dos obstáculos máis importantes.

■ É necesario un cambio nas políticas e nos programas actuais de apoio á creación de empresas, xa que non se percibe que os mecanismos actuais estean servindo para tal fin: as subvencións existentes non chegan no momento apropiado, son moi escasas e requiren unha complexa tramitación; a pesar de que se deron algúns intentos de reducir a tramitación burocrática para crear unha empresa (xanelas únicas), segue a ser urxente mellorar a coordinación entre as distintas administracións e os prazos; sería máis efectivo facilitar o acceso ao financiamento alleo a través de garantías e avais, capital risco, redución de xuros, business angels, crédito social, etc., que dar axudas a fondo perdido.

■ Deberíanse levar a cabo medidas dirixidas a aliviar a presión fiscal sobre as empresas nos comezos da actividade, xa que unha das queixas máis frecuentes das persoas emprendedoras é que, mentres unha nova empresa necesita certo tempo para darse a coñecer e obter ingresos, debe facer fronte, incluso antes de iniciar a actividade, ás taxas, impostos directos e indirectos, seguridade social,... sen ningunha posibilidade de aprazamento.

Editorial

Seminario de
planificación empresarial



Editorial

Web do Servizo de
Asesoramento a
Emprendedores da
Mancomunidade de Vigo

■ Demándase tamén que as Administracións faciliten, con prezos razoables, o acceso a infraestruturas e servizos que permitan aumentar a competitividade dos proxectos e o acceso aos mercados (tecnoloxías da información, solo industrial, incubadoras e centros de empresas, plataformas lóxicas, i+d+i das universidades, estudos de mercado, etc.)

Finalmente, somos da opinión de que debe apostarse polo autoemprego, pero tamén por un autoemprego "de calidade", o que significa:


■ Facilitar todo o proceso de converterse en autoempregado. Existe a percepción de que crear a propia empresa é unha carreira de obstáculos que só pode superar o máis preparado: moito trámite e papeis, moitos gastos e impostos, moita responsabilidade, moitas horas no negocio,... e todo sen axuda. Para unha persoa que perciba unha oportunidade de mercado que poida significar unha boa idea de negocio e a creación de emprego, non debería ser unha traba o proceso de facerse empresario.

■ Incentivar que o autoemprego sexa a longo prazo e que os proxectos sobrevivan e crezan no tempo. Non se trata de crear empresas para que ao cabo de poucos anos pechen ou para que aguanten a costa dun esforzo heroico do promotor (botar moitas horas ou recibir moi pouco). Debe evitarse a toda costa o fracaso empresarial, tanto

Somos da opinión
de que hai que
apostar polo
autoemprego,
pero por un
autoemprego de
calidade

polo que supón para as propias persoas afectadas, como polo mal exemplo ou efecto que produce para outros potenciais emprendedores. Para iso, accións como a elaboración do plan de empresa co apoio de profesionais, a mentorización de proxectos e de plans de crecemento, a formación en xestión, a creación de redes de apoio con expertos en determinados aspectos da xestión empresarial, facilitar o acceso a novos clientes e mercados, facilitar o acceso ao financiamento e a instrumentos de garantía recíproca eficaces, etc., son realmente necesarias.

■ Optar polo autoemprego ten que ser, ao fin e ao cabo, unha opción persoal e profesional. A persoa que ve no traballo por conta propia a posibilidade de mellorar económica e profesionalmente, de conseguir unha independencia e unha estabilidade laboral que non teñen moitos empregados por conta allea e unha alternativa atractiva de vida, vai ter, polo xeral, moitas máis posibilidades de éxito que aquela outra para a que o autoemprego se converte na única alternativa para incorporarse ao mercado laboral (o que chamábase autoemprego por necesidade). Baixo a nosa perspectiva, non debe promoverse a incorporación ao autoemprego daquelas persoas cuxa motivación principal para emprender sexa a de fuxir dunha situación desesperada de desemprego e deben buscarse alternativas para estas persoas, que non ven ningún atractivo no autoemprego, senón simplemente unha vía de escape supletoria ou provisional.





Seminario de
planificación empresarial

■ Sería tamén moi importante establecer medidas dirixidas a eliminar ou, cando menos, reducir a economía somerxida. Segundo un informe realizado a primeiros de 2008 polo colectivo de Técnicos do Ministerio de Economía e Facenda (GESTHA) a economía somerxida representa no noso país un 23% do PIB, o que supón nada menos que 208.000 millóns de euros. Este tipo de actividades, ademais de constituír fraude en si mesmo, tamén prexudican, en moitas ocasións, ás empresas legalizadas coas que compiten noutras condicións (evitando o pago de impostos). Deberían, por unha banda, incrementarse e mellorarse os mecanismos de disuasión ante este tipo de prácticas e, por outra banda, incentivarse que parte desas actividades "ilegais" susceptibles de ser rendibles se convertan en verdadeiros proxectos de autoemprego.

■ Aínda que, como xa dixemos, autoemprego non é igual a autónomo, si que é verdade que moitos autoempregados son autónomos. Neste senso, os autónomos seguen a estar discriminados respecto aos traballadores por conta allea: responsabilidade ilimitada, peor protección social, non teñen dereito ao desemprego. O estatuto do traballo autónomo incorpora melloras neste senso, pero aínda están por desenvolvérense. Deberían equipararse ao máximo posible os dous réximes, de xeito que non se perciba como un agravio o ser autónomo.

E para pechar, é verdade que os responsables últimos do éxito dun proxecto son os seus promotores e para a persoa que consigue ver nacer, crecer e consolidarse o proxecto empresarial no que cre e no que puxo todo o seu esforzo económico e persoal, seguro que é unha experiencia que paga a pena. Non obstante, recoñecendo que non é unha tarefa doada, as distintas administracións e institucións deben asumir o compromiso de poñer as máximas facilidades e apoiar acertadamente a aquelas persoas que crean o seu propio emprego e, moitas veces, tamén o emprego de moitas outras.

As distintas
administracións
deben asumir o
compromiso de
apoiar
acertadamente a
aquelas persoas
que crean o seu
propio emprego
e o de moitas
outras

Editorial

Cooperativismo e desenvolvemento local

Pilar Cancela Rodríguez
Directora Xeral de Relacións Laborais

Pilar Cancela Rodríguez

É evidente a importancia crecente do cooperativismo na realidade económica e social de Galicia, con presenza en sectores claves da estrutura produtiva.

Entre as medidas de recoñecemento institucional do cooperativismo dos últimos anos destacan a promulgación da Lei de Cooperativas de Galicia e a constitución do Consello Galego de Cooperativas.

Unha das actuacións máis destacadas do Consello Galego de Cooperativas foi a elaboración do *Plan estratéxico para o cooperativismo galego*. Este plan foi aprobado cun amplo consenso e deuse a coñecer no mes de maio de 2005 no marco do IV Congreso Galego de Cooperativas. Este plan representa un marco operativo nun horizonte de 6 anos en torno a grandes eixes de actuación, que se concretan en liñas de acción específicas: en iniciativas, en proxectos e en plans previstos polos principais axentes cooperativos.

É o propio Consello Galego de Cooperativas o encargado de realizar o seu proceso de seguimento e avaliación. Isto permite unha retroalimentación continua, para darlle continuidade á implicación de todos os actores, e permitirá a súa corrección e reprogramación, cando proceda.

Para facer unha aproximación ao que pode ser a situación actual do cooperativismo en Galicia é imprescindible acudir aos dous documentos claves de análise do sector: O *Libro Branco do Cooperativismo* e o *Informe de Síntese de cooperativas de Galicia*.



O primeiro supuxo un estudo exhaustivo da situación do sector cooperativo e serviu para a elaboración do *Plan estratéxico para o cooperativismo galego*. O segundo trata de actualizar os datos naqueles contidos poñendo ao día a diagnose do sector. Ambos traballos aspiran a ser considerados como instrumentos útiles, para axudar a todos os interesados a identificar necesidades e oportunidades de mellora.

Observando os datos recollidos, pódese afirmar o seguinte: no total de Galicia, existe unha cooperativa por cada 2.708 habitantes, mentres que no conxunto, o movemento cooperativo galego agruparía a 92.895 socios. Este número de socios representan un 3,36% da poboación, o que supón que está presente en case un de cada dez fogares de Galicia.

A importancia da muller entre os socios acadada un 35,8% do total, unha proporción inferior ao peso da poboación ocupada feminina no mercado de traballo en Galicia.

A distribución das cooperativas nos diferentes sectores da actividade económica revela un peso proporcionalmente superior no sector agrario e menos na industria e nos servizos, aínda que as tendencias recentes apuntan cara unha certa caída na industria e un ascenso lento nos servizos.

As actividades predominantes están relacionadas coa intermediación no mundo agrario, coa industria téxtil e coa construción; no sector secundario, co comercio, co ensino, cos transportes; e coas actividades de asesoría no sector servizos. As tendencias apuntan cara a un incremento nas actividades forestais, na construción e nas actividades de asesoría e de prestación de servizos persoais.

O conxunto das cooperativas no emprego representan un 1,71% dos ocupados en Galicia.

O cooperativismo e o desenvolvemento local

Calquera política de índole local supón un desenvolvemento a partir dos recursos endóxenos existentes.

Durante os anos oitenta xurdiu un novo modelo de desenvolvemento denominado "desde abaixo", é dicir, un modelo de desenvolvemento local endógeno, no que o crecemento prodúcese aproveitando o con-

A distribución das cooperativas nos diferentes sectores da actividade económica revela un peso proporcionalmente superior no sector agrario e menor na industria e nos servizos

xunto de recursos humanos e naturais propios dunha zona determinada.

Neste contexto o papel das cooperativas e doutras empresas de economía social acadada un alto grao de importancia a través da aportación de capacidade emprendedora, da materialización de iniciativas locais de emprego. Representan unha alternativa ao paro e cobren determinados sectores de servizos ou produtos que a empresa de capital ou o sector público non pode satisfacer ou que os proporcionan a maior prezo. Ademais de ser unha canle axeitada para ofrecer unha saída laboral a sectores de poboación que, sobre todo, en pequenas localidades e no rural, doutro xeito veríanse na obriga de emigrar a outros destinos para labrarse un futuro.

As cooperativas abren un camiño de inclusión, ofrecen ás persoas a capacidade de autoaxuda, promovendo o desenvolvemento humano sostible, e impulsan o progreso económico e social cun potencial moi significativo. As empresas non se deslocalizan, os traballadores poden reconstruír empresas en crise, manter poboacións economicamente activas e darlles opcións laborais a persoas en risco de exclusión social.

Tribuna

As cooperativas
son axentes
económicos
esenciais,
imprescindibles
para o
desenvolvemento
do país e para
lograr un
desenvolvemento
local sostible.

As Nacións Unidas recoñeceron a nivel mundial xa no ano 1994 o importante papel das cooperativas no desenvolvemento económico, social e cultural. As cooperativas son axentes económicos esenciais, imprescindibles para o desenvolvemento do país e para lograr un desenvolvemento local sostible.

Recursos existentes para o impulso de proxectos de cooperativas (axudas, formación)

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo, xestiona o programa de impulso de proxectos empresariais cooperativos. O obxectivo é facilitar a súa posta en marcha a través da subvención de asistencias técnicas (estudos de viabilidade económica, organizativa, de mercado, etc) de orientación e acompañamento do proxecto empresarial e da subvención de accións formativas e informativas dos promotores.

Outro programa desenvolvido por este departamento é o de financiamento de gastos documentais derivados do proceso de constitución de cooperativas e de modificación ou da adaptación dos seus estatutos. Tamén establecemos axudas dirixidas ao

fomento e consolidación do asociacionismo, que subvencionan parcialmente os gastos normais de funcionamento das entidades representativas. Hai ademais axudas para actividades de promoción do cooperativismo mediante a organización de cursos, xornadas ou conferencias, así como para a elaboración e publicación de estudos e de traballos de investigación. Outras subvencións destínanse a sufragar os custos derivados da organización de actividades de fomento da adaptación ás novas tecnoloxías de información e de comunicación, elaboración de páxinas web, incorporación a redes informáticas e implantación de sistemas telemáticos.

Outro programa que subvencionamos é o de acceso á condición de socio traballador. Financiamos, parcialmente, a achega do capital social que deba desembolsar o traballador.

Tamén se estableceu un programa de apoio ás cooperativas prestadoras de servizos sociais e de integración social, un programa destinado a subvencionar a contratación de directores ou xerentes, así como un proxecto de subvencións financeiras para reducir o tipo de xuro dos préstamos destinados a financiar investimentos en capital inmovilizado ou de axudas directas destinadas a facilitar a adquisición de inmovilizado material e inmaterial.

Por último, gustaríame destacar o programa para facilitar o aboamento de cotas á Seguridade Social aos traballadores que capitalicen a súa prestación de desemprego para incorporarse a unha cooperativa e o de subvencións a concellos que desenvolvan actividades no eido do cooperativismo.



Pilar Cancela Rodríguez

Así mesmo, con cargo a fondos propios desta dirección xeral, asígnanse partidas para o desenvolvemento de convenios de colaboración coas universidades, concellos e outras entidades para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión do cooperativismo.

O cooperativismo no marco dos programas de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego

O alumnado das escolas obradoiro e dos obradoiros de emprego está formado en xeral por persoas mozas, cunha formación relativamente baixa. A formación e a práctica profesional que reciben no desenvolvemento destes programas vainos habilitar para desenvolver a súa tarefa laboral perfectamente.

Entre os alumnos e alumnas, a economía social representa un modelo a fomentar e con capacidade de futuro, pois permite aos traballadores acadar un emprego estable e de calidade, ao mesmo tempo que unha formación continua. Por outro lado, non debemos esquecer que van participar na xestión e desenvolvemento dun proxecto, o cal, en definitiva, vai redundar na mellora da súa calidade de vida.

En canto ás actividades que poden ser

obxecto dun proxecto de cooperativa ou empresa de economía social entre o alumnado dos programas mixtos de formación e emprego, hai que ter en conta dous factores: por unha banda, non se debe esquecer que as empresas de economía social poden chegar onde as empresas de corte clásico non o fan, e isto debido á súa eficiencia, á calidade e á prontitude dos servizos que prestan.

A economía social
representa un
modelo a
fomentar entre o
alumnado
traballador das
escolas e
obradoiros de
emprego, pois lles
permite acadar un
emprego estable e
de calidade

Tribuna

Por outra banda, a propia evolución da sociedade e as transformacións ás que está suxeita, mostran as novas necesidades tanto individuais como colectivas que é preciso satisfacer.

Perspectivas de futuro do cooperativismo en Galicia

A Recomendación 193/2002 da Organización Internacional do Traballo (OIT) establece que a promoción das cooperativas debería considerarse como un dos piares do desenvolvemento económico e social nacional e internacional. Tamén refrendou a declaración dos seus valores e principios contidos na Declaración de Identidade Cooperativa de Manchester 1995. Estes valores e principios fan das cooperativas un medio para dignificar o traballo humano e contrarrestar as desigualdades e desequilibrios que a globalización pode xerar. Por este motivo, o cooperativismo converteuse nunha eficaz ferramenta económica e social, que é preciso potenciar desde os distintos ámbitos institucionais.

Partindo deste feito e da diagnose do estado do sector, reflectida no Libro Branco e no Informe de Síntese, pódese camiñar cara a procura da mellora daqueles puntos ou cuestións que alí foron recollidas.

Nese senso, as perspectivas de futuro do cooperativismo en Galicia pasarán necesariamente por estender as posibilidades da fórmula cooperativa, comezando polos niveis educativos básicos e ofrecendo información á poboación xeral das posibilidades que ofrece este tipo de organización do traballo. Tamén é preciso ofrecer apoio económico á posta en marcha destas iniciativas e ao acompañamento de proxectos, facilitan-

É preciso
acrecentar a
representatividade
das mulleres na
realidade
cooperativa como
solución á
conciliación da
vida laboral e
familiar, así como
fomentar a
transferencia de
boas prácticas

do fórmulas específicas de financiamento. Outras das necesidades son facilitar o acceso ás infraestruturas para o establecemento empresarial a prezos económicos, incentivando a creación de viveiros específicos de empresas cooperativas; e orientalas cara as fórmulas novidosas, que enfoquen como posibilidade laboral a empresa cooperativa a grupos ou sectores específicos de desempregados e grupos ou sectores en risco de exclusión social.

Tamén se deben potenciar fórmulas que incentiven o asesoramento nos núcleos rurais como saída laboral á mocidade do contorno e eviten a despoboación das aldeas. Para iso é preciso acrecentar a representatividade das mulleres na realidade cooperativa, como solución á conciliación da vida laboral e familiar; e fomentar a comercialización, transferencia de boas prácticas, asesoramento específico e respaldo ás posibles carencias doutros aspectos empresariais, que poidan quedar solventadas mediante a creación de cooperativas de segundo grao e de asociacións e unións de cooperativas. É preciso avanzar por este camiño.

Paga a pena

José Manuel Davila Peleteiro

Director do OE "Concello Vello" de Salceda de Caselas

A normativa reguladora de escolas obradoiros, casas de oficios e obradoiros de emprego establece como beneficiarios/as destes programas mixtos de formación e emprego ás persoas desempregadas demandantes de emprego que preferentemente experimenten especiais dificultades para a súa incorporación no mundo sociolaboral, é dicir, algúns dos chamados colectivos desfavorecidos: mulleres, demandantes de primeiro emprego, parados de longa duración e persoas sen cualificación laboral. Non obstante, a realidade reflicte que están a participar nestes programas, en maior ou menor medida, non algúns senón, case todos os colectivos con atrancos para a súa integración laboral, incluíndo persoas en risco de exclusión ou excluídas socialmente.

Con carácter xeral, os/as participantes son persoas cunha realidade moi concreta, resultado dun proceso de acumulación, superposición e/ou combinación de diversos factores de desvantaxe ou vulnerabilidade social que xera unha situación de imposibilidade ou dificultade de acceder aos mecanismos de inserción no mercado de traballo, provocados non poucas veces por circuns-

tancias que lles impiden sentirse e desenvolverse plenamente como persoas e como cidadáns que forman parte da sociedade.

Estes factores de desvantaxe que, dentro do ámbito laboral semella termos perfectamente identificados (de aí os colectivos preferentes), conviven en ocasións con outros factores de distintos ámbitos, tales como os do ámbito económico (dificultades financeiras, dependencia de prestacións sociais), o ámbito formativo (analfabetismo, non escolarización, fracaso escolar, abandono prematuro do sistema educativo), o ámbito sociosanitario (adicións e enfermidades relacionadas, enfermidades infecciosas, trastorno mental, discapacidades ou outras enfermidades crónicas), o ámbito residencial (acceso precario á vivenda, infravivenda ou vivendas en malas condicións), o ámbito relacional (deterioro das redes familiares, conflitos ou violencia intrafamiliar, monoparentalidade, soidade, rexeitamento ou estigmatización social)... e que xunto coa idade, o sexo e a localización das persoas beneficiarias no territorio dan lugar a unha ampla multiplicidade de situacións ou circunstancias persoais posibles.

Escolas abertas



*Alumnado traballador dun
obradoiro de emprego*

Escolas alertas

Non é cuestión de describir os diferentes escenarios particulares, pero case todos coinciden nun aspecto, son persoas emocionalmente non preparadas para asumir o reto que supón crear unha empresa.

Deste xeito, a situación de partida, o perfil co que nos atopamos nestes proxectos non é precisamente o perfil dunhas persoas con confianza en si mesmas, con capacidade de iniciativa, organizadas, creativas, de espírito innovador e dispostas a asumir riscos, é dicir, persoas con potencial emprendedor, que teñan os atributos necesarios, e sobre todo o desexo de crear unha empresa.

¿Qué facemos entón, tiramos a toalla no que se refire a promoción do autoemprego nestes programas?

Semella que temos todo en contra, que o esforzo non vai pagar a pena.

Non é así, a propia experiencia e os resultados do programa dinos o contrario. Sempre atoparemos alguén no que o feito de estar desempleado, a súa ambición ou

Poñamos en marcha no día a día mecanismos que fomenten a autonomía do alumnado, que reconstrúan relacións, que recuperen persoas

o desexo de independencia, o seren o seu propio xefe, o buscaren unha saída diante da falla de alternativas, crear un futuro para él e os seus fillos, etc, o empurren a plantexarse dar o paso. Nos temos que estar aí nese momento.

Namentres non xurdan estas persoas, valamos aboando o terreo, poñamos os medios e centremos os nosos esforzos na recuperación da súa confianza e da súa autoestima.

De partida non deben esquecer que xa teñen emprego, que ademais de ser a fonte básica de ingresos das persoas e, polo tanto, un medio de subsistencia, tamén constitúe un mecanismo de articulación de relacións sociais. Estamos, pois, nun proceso de inclusión. A integración laboral é hoxe en día, a vía preferente de recoñecemento social e de satisfacción persoal.

Poñamos en marcha no día a día mecanismos que fomenten a súa autonomía, que reconstrúan relacións, que recuperen persoas.

Finalmente non importa si se crean tres ou ningunha empresa, o que importa é ter acadado a súa integración co que iso supón: participación no mercado produtivo, recoñecemento público, adscrición social e na comunidade..., en definitiva, persoas que poidan asumir unha responsabilidade social: potenciais emprendedores.

Alumna traballadora



Perspectivas de futuro do alumnado traballador na rama de electricidade - fontanería

Ramiro Ramirez Lorenzo

*Docente de Fontanería - electricidade
do obradoiro de emprego "O Cruceiro"*

Escolas abertas



*Alumnado traballador do
obradoiro de emprego
"O Cruceiro"*

Os proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego son centros de formación ocupacional combinada coa práctica laboral que teñen como misión formar ás persoas para un novo e mellor futuro profesional. Estes proxectos están promovidos, fundamentalmente, polas entidades locais e cofinanciados pola Consellería de Traballo e o Fondo Social Europeo, tendo como filosofía un enfoque teórico práctico para as distintas especialidades formativas.

Unha destas especialidades formativas é a de "Electricidade-Fontanería", na que se

poden describir unha serie de vantaxes:

- unha boa calidade formativa.
- boa complicitade do alumno traballador.
- boa estatística de colocación entre os alumnos traballadores.

Aínda que unha das vantaxes máis importantes que a experiencia nos demostra é que se trata dunha das especialidades onde os alumnos teñen máis claro que lles gustaría continuar exercendo no futuro.

Escolas alertas

Para axudar ao alumnado traballador a orientarlle cara un bo futuro nunha profesión, con tantos ramais dentro da mesma, teremos que darlle a maior calidade técnica e teremos que darlle tamén unha titulación que se adapte e se admita nas diferentes Consellerías que ten a nosa autonomía.

Por exemplo, se o alumnado traballador quixera, pola súa capacidade profesional e por unha serie de condicións sociais e loxísticas, montar unha empresa nunha zona determinada na área de electricidade, atoparíase cunha porta pechada, pois non podería optar a montar dita empresa xa que non ten unha titulación homologada para poder sacar un carné profesional que lles permitira aventurarse con esa empresa ilusionada. Para poder acceder a ese carné profesional expedido pola Consellería de Innovación e Industria o interesado necesitaría ter FP I, ciclo medio ou superior en dita rama, cousa que se podía facer ata o ano 2002, xa que existía un exame por libre para poder sacar o FP I de electricidade e nalgúns escolas obradoiros presentaban aos alumnos/as, obténdose uns resultados favo-

A homologación da formación daría ao alumnado traballador unha posibilidade máis de inserción laboral a través do autoemprego nos concellos pequenos

rables e optando despois ao carné profesional. Como na actualidade este exame non se pode realizar, deberíase homologar o título que se dá aos alumnos traballadores na Consellería de Innovación e Industria para que aqueles que de forma positiva superasen as metas formativas puideran optar a dito exame para obter o carné profesional.

Como profesional docente en dita área, creo que sería positivo que se realizara dita homologación pois como as escolas ou obradoiros se realizan en comarcas e concellos pequenos e que en moitos deles non existen ningunha empresa relacionada con dita profesión, terían aquí unha posibilidade máis para a posible inserción laboral do alumnado traballador a través da fórmula do autoemprego.

Por outra banda, na área de fontanería non hai, de momento, ningún tipo de problema, pois calquera persoa co D.N.I e un ano de experiencia pode optar ao exame de fontanería expedido pola Consellería de Innovación e Industria. Pero hai que ter en conta que isto tenderá a cambiar co paso do tempo, podendo pasar o mesmo que ocorreu en electricidade, polo que temos que estar en garda para que cando chegue o momento a titulación do alumnado traballador poida ser homologada.

Alumnos da especialidade
de Fontanería - Electricidade



Coloquio co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Escola de Leboso": sementeira de produtores e produtoras ecolóxicas

“Temos un proxecto de
empresa, Hortiña da Ponte,
onde a venda é directa de
quen produce a quen
consume”

Obraguedobra



*María Elena, María,
Mercedes e Rafael*

O persoal técnico da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo mantivo un coloquio co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Escola de Leboso" de Forcarei, promovido polo Concello de Forcarei e a Fundación Galicia Verde. M^a Elena Antelo Tato, María Mon Álvarez, Mercedes Vázquez Fernández e Rafael Espinosa Hernández, alumnado traballador de "Horticultura ecolóxica" e "Fruticultura ecolóxica" do obradoiro de emprego debaten sobre o presente e o futuro da agricultura ecolóxica en Galicia.

Obravedora

Obradoiro de emprego
"Escola de Leboso"



UPD: Cales foron as razóns polas que decidíchedes participar nun proxecto de agricultura ecolóxica?

Elena: Eu tiña experiencia nesta actividade, hai catro anos montei un invernadoiro propio no que producía produtos ecolóxicos. Pero daquela era moi difícil traballar na agricultura ecolóxica porque non había apoios, e como non vin perspectivas tiven que emigrar fóra e traballar na hostalería. O verán pasado decidín volver para retomar a agricultura ecolóxica, así que no mes de decembro, cando saíu a convocatoria do obradoiro de emprego, anoteime. Para min, que te estean formando e pagando para que despois podas seguir adiante é unha lotería, e varias persoas de "horticultura ecolóxica" xa temos un proxecto de auto-emprego *A Hortiña da Ponte*.

María: Anteriormente eu tiña vacas, pero vendinas porque practicamente non sacabas beneficios. Facía uns meses que me anotara no paro cando me chamaron para o proxecto e quedei encantada porque sempre traballei nas terras, para autoconsumo, ademais da venda de leite. E agora,

A agricultura ecolóxica permite que co mínimo esforzo consigas o máximo rendemento

estou con Elena intentando por en marcha o proxecto e, aínda que eu o teño menos claro que ela, xa estamos traballando polas tardes nas nosas terras, aplicando o que aprendemos no proxecto.

Elena: Temos apoio tanto a nivel de profesorado como da Fundación Galicia Verde. Nas nosas terras ímonos rotando, somos seis persoas e cada día imos á terra dunha.

María: Ata agora temos pouca experiencia porque con este mal tempo non vemos o resultado do plantado.

Mercedes: No meu caso, coma todas as galegas e galegos, na casa axudaba aos pais nas terras e coas vacas, eu son emigrante retornada e cando me marchei hai vinte anos todo se traballaba de maneira máis natural e agora ao regresar, comprobei que se cultiva utilizando moito fertilizante polo que vin moita diferenza na forma de cultivo. Estamos nunha rexión con peso da agricultura, e creo que pode ser unha boa saída profesional ou ben como autónoma ou traballando para empresas que se dediquen á agricultura ecolóxica. Por iso estou facendo este obradoiro. Galicia ten que ir cara a adiante desta maneira, non hai outra.

Elena: A xente ten que saber que na agricultura ecolóxica traballase moi parecido á convencional pero de xeito moito máis doado. Por exemplo unha vez que fas os bancais, non tes que estar ano tras ano cavando, a agricultura ecolóxica permite que co mínimo esforzo consigas o máximo rendemento.

Rafael: E é que traballar nos bancais comporta a vantaxe de non ter que actuar sobre a terra todos os anos. Eu ata agora dedicábame á xardinaría e ao cultivo de planta ornamental, vin esta oportunidade e agora quero producir sementes de plantas ecolóxicas, xa empecei a por en marcha a idea de negocio. En principio conto co respaldo do proxecto, probarei este ano e despois a ver se resulta viable.

María: O caso é a ver se despois nos dá (economicamente).

Rafael: Dar si que ten que dar, o que pasa é que a xente en Galicia non está mentalizada, cando ven unha leituga con pulgón xa non a quere, pero realmente iso quere dicir que leva pouco ou ningún produto fitosanitario.

Mercedes: Hai catro anos era moi difícil, pero a xente pouco a pouco vai entrando. Cando eu vendía en Pontevedra o que vías era que a xente que merca en agricultura ecolóxica son fieis, e saben percibir a diferenza entre, por exemplo, unha leituga ecolóxica e convencional, dado que a primeira rende máis á hora de comela...pero queda camiño por percorrer para que a maioría dos e das consumidoras se dean conta.

De feito os últimos datos estatísticos do Observatorio de Consumo sinalan que Galiza está por debaixo da media do estado en consumo de produtos agrícolas ecolóxicos. Hai outras comunidades como País Vasco, Murcia, Andalucía .. que están moito máis adiantadas, temos que cambiar isto, e por iso estes obradoiros están ben para que a xente nova comece a empuxar.

Rafael: Pero isto ten que ser a nivel de información e divulgación porque Galicia é unha das comunidades que menos consu-

Segundo as
estatísticas do
Observatorio de
Consumo, Galiza
consume moitos
menos produtos
agrícolas
ecolóxicos que
outras
comunidades
máis adiantadas

mo fai de froitas e verduras de España, se por enriba lle metes un produto ecolóxico o camiño é o dobre de longo e duro. Aquí se consume verduras por temporadas, pero non máis.

Elena: Si, pero o produto ecolóxico galego ten unha calidade moi boa.

Rafael: Xa, mais o galego por natureza rexeita o novo, podes dicirlle que estes produtos son mellores para a saúde pero resulta difícil que probe, agora unha vez que proba si. Neste senso, no obradoiro imos facer unha campaña divulgativa nas feiras dos concellos e tamén xornadas de portas abertas, para que a xente veña e probe.

UPD: Centrándonos no proxecto, que traballo estades a desenvolver nas especialidades?

Elena: Nós en horta empezamos a ver en que consiste a agricultura ecolóxica, coñecer o solo, rotacións de cultivos, identificar insectos, coñecemento das sementes, plantas, como combater e previr pragas a través de medios naturais... etc. É moita teoría pero nun ano todo o que aprendemos vaise quedar corto porque en agricultura ecolóxica é necesario coñecer moitos métodos para evitar o uso de fertilizantes.

Obraguedobra

Mercedes: É volver ao pasado.

Elena: Si porque estamos aprendendo asociacións de plantas, utilizadas polos nosos pais, que favorecen o aproveitamento do chan e permiten máis produtividade. Todo isto nolo están ensinando.

Mercedes: En fruticultura tamén temos unha base teórica, unha parte común á de horticultura, pero logo tamén temos que coñecer as distintas clases de froitas que se dan en Forcarei.

Rafael: As froitas autóctonas en Forcarei son contadas porque a xente deixou os terreos a monte e hai que recuperalas. Estamos tratando o tema de instalacións de rego e bancais, con sementeiros, montar microtúneles de cultivo, etc.

Mercedes: Tamén estamos facendo un labor de recompilación polas casas para identificar sementes que utilizan. Estamos facendo ao mesmo tempo a teórica e a práctica. Estamos observando e levando un rexistro tamén as variedades de cada unha das plantas para identificar aquela que produza mellor e máis rápido.

Mercedes: A maior satisfacción de estar neste proxecto que temos todos e todas é

timos da base de que o presidente da Fundación Galicia Verde vai apoiar nas iniciativas que xurdan. Somos trinta alumnos e alumnas traballadoras, con que un 30% comeceamos a traballar neste eido, seremos dez produtoras e produtores na zona, isto é moito... Cando a xente vexa que isto funciona xurdirán novas iniciativas

Mercedes: A partir de aí, hai que apoiar para que vaian a máis... Seguir formando

UPD: Aínda que xa sinaláchedes algunhas, podeades indicar cales son as principais vantaxes da agricultura ecolóxica respecto a agricultura convencional?

Rafael: O que mellor ten a agricultura ecolóxica é a asociación de cultivos, de tal maneira que uns benefician a outros no seu crecemento. Ademais das rotacións, un ano nun bancal sementas un tipo de planta e noutros outras, e ao ano seguinte, cambias en cada bancal o tipo de planta, como cada planta se nutre dunha serie de mineiras isto permite non esgotar o terreo.

Mercedes: De feito na especialidade cada persoa ten que deseñar un proxecto produtivo que se expón, así imos analizando que estamos facendo incorrectamente.

Rafael: Ademais na agricultura ecolóxica úsase moito a planta medicinal e aromática tanto para facer remedios para todo como para polinizar. Non hai herbas malas... A todas se lle pode sacar algún uso que beneficie ao cultivo.

Elena: A ver, isto non significa que as deixes, as tes que sacar, pero ao mellor as colles, quitasles a raíz e as pos de novo no bancal para facer un acolchado.... A base da agricultura ecolóxica é o aproveitamento dos recursos. Outra vantaxe é que a agricultura ecolóxica implica menos esforzos que a convencional. Ao traballar por bancais tes que dedicar tempo para construílos, pero despois require menos traballo. Ademais, hai un total aproveitamento do terreo e dos recursos do contorno.



Obradoiro de emprego
"Escola de Leboso"

que sae algo, que hai iniciativas do que estamos aprendendo aquí e o traballo que estamos facendo.

Rafaell: Non sei ata que punto, pero par-



Obradoiro de emprego
"Escola de Leboso"

Rafael: Máis vantaxes, pois que non hai ningún gasto en produtos químicos, na agricultura ecolóxica emprégase moito a planta cebo, co gallo de que a ela se dirixan as pragas e que non vaian ao cultivo que queres producir. Ademais, gástase moita menos auga que na convencional.

Elena: Si, a agricultura ecolóxica respecta o medio ambiente

María: E hai menos visitas ao médico. Ademais, na convencional conséguense producións extensas pero tamén tes moitos gastos, mentres, na ecolóxica pode que produzas menos pero tamén o gasto é menor.

UPD: E que opinades respecto aos mecanismos de comercialización destes produtos e o ámbito xeográfico ao que podedes chegar?

Mercedes: Pola miña experiencia como emigrante, no país europeo onde estiven os hipermercados tiñan o seu espazo específico de produtos ecolóxicos. Aquí vai levar tempo chegar a esa situación, hai que informar á xente, é preciso moito labor de divulgación.

Elena: No noso proxecto de empresa, *Hortiña da Ponte*, a base primordial vai ser a venda directa de quen produce a quen consume, que non haxa persoas intermedia-

rias, desta forma redúcense os custos. Traballaremos principalmente en bolsas de compras por familias, comprometémonos a facer bolsas semanais ás familias que conterán aquilo que mais consumen (para iso faremos un estudo previo das necesidades básicas). Temos páxina web e correo electrónico, no que xa nos están facendo solicitudes.

Rafael: Por outro lado, na zona temos unha fábrica de produtos ecolóxicos, coa que se pode traballar subministrándolles a materia prima que demanda para os seus envasados. Desta forma, é un produto que xa tes vendido de partida.

UPD: Poñéndonos no lugar da persoa consumidora, que soe ver o custe do que merca, os produtos ecolóxicos son algo máis caros. Que opinades?

Elena: O rendemento do produto vale a pena, sacia moito máis unha leituga ecolóxica que unha convencional. Eu creo que máis que nada, de cara a convencer á xente que consuma os produtos ecolóxicos e a súa calidade e de beneficios de cara a saúde o non utilizar produtos químicos.

María: E aínda que o custe poida ser algo superior, as persoas deberían darse conta da diferenza na calidade..

Obravendolra

Obravedora

Hai que traballar
dende a escola
coas novas
xeracións
informando e
educando para
que se cambie
a mentalidade
con respecto ás
cooperativas

UPD: Como se encadra a agricultura ecolóxica na mentalidade minifundista galega?

Mercedes: Hai que por en marcha cooperativas. A unión fai a forza.

Elena: Nós por exemplo, de cara á nosa iniciativa empresarial, pois somos seis ou sete persoas de varios concellos que temos as nosas propias leiras e algúns invernadoiros, dado que non podemos xuntar as terras, a proposta é ir rotando os cultivos polas diferentes fincas. Cada persoa produce e aporta á empresa, que se constituirá baixo a modalidade de asociación ou cooperativa, o que lle permita os recursos do que parte:

unha producirá sementes, outra aportará polos, outra vacas, outra hortalizas, etc.

Rafael: Aquí en Galicia non funcionan as cooperativas. Polo que é visto, no resto de España funcionan pero aquí non, pola mentalidade galega.

Elena: Eu non estou de acordo. Iso non se pode dicir sen intentalo e a mentalidade galega pode cambiar.

Mercedes: É certo, é para iso é fundamental traballar dende a escola coas novas xeracións informándoas e educándoas.

UPD: Antes falabades da importancia da información de cara a introducir o consumo de produtos ecolóxicos, que outras medidas credes que se deben por en marcha?

Rafael: A información é fundamental e tamén a existencia de menos trabas para quen produce, no sentido de que nós temos que cumprir unha serie de requisitos para que o noso produto sexa catalogado como ecolóxico polo CRAEGA (Consello Regulador de Produtos Ecolóxicos de Galicia), pero se na finca do lado se utilizan produtos químicos que contaminan os nosos, deixando de ser considerados ecolóxicos, non podemos facer nada, nin sequera penalizan ao dono ou dona desa finca, en cambio a ti si.

Mercedes: Por exemplo en Forcarei, onde a maior parte dos cultivos son convencionais, debería haber unha reconversión destes agricultores e agricultoras cara á ecolóxica, que volvan ao máis natural para que se converta nunha zona de agricultura ecolóxica.

Alumnado traballador do
obradoiro de emprego
"Escola de Leboso"



Elena: Ten que haber un maior apoio dende a administración á agricultura ecolóxica tanto a nivel de novas persoas emprendedoras como cara as que xa están producindo, porque se che fan cumprir as normas que certifican un selo de distinción, deben

O cambio da agricultura convencional á ecolóxica non é difícil sempre e cando o/a agricultor/a convencional empece a pensar en futuro

Obravedolra



Alumnas traballadoras do obradoiro de emprego "Escola de Leboso"

axudar a que ti poidas seguir cumprindo esas normas cando hai casuísticas que ti non podes controlar.

María: Debería haber zonas acotadas (segundo con Forcarei) nas que non se puidera utilizar produtos químicos, xa que non se lle pode prohibir a todo o mundo cultivar de xeito convencional.

Elena: Nós non dicimos que a xente que cultiva de maneira convencional teña que deixalo sen máis, o que pasa é que se nós temos que cumprir unha serie de normativas deberían pór medidas para que outras for-

mas de cultivo non nós prexudiquen. Apoiar a reconversión dunha agricultura a outra máis ecolóxica.

Mercedes: O cambio da agricultura convencional á ecolóxica non é difícil sempre e cando os/as agriculturas convencionais empecen a pensar en futuro e valoren realmente cal está sendo a rendibilidade da propia produción, que cada vez precisa de máis investimento para lograr os mesmos resultados produtivos. As galegas e os galegos non podemos estar sempre traballando baixo os mesmos esquemas, debemos introducir cambios, hoxe en día somos Europa.

Perspectivas de futuro unha vez rematada a escola obradoiro

Obradoiro

O alumnado traballador da escola obradoiro "Hostalería do Salnés II" valora a experiencia que supuxo a súa etapa de formación e as posibilidades laborais que se lle ofrecen agora

"Moitos de nós repetiríamos sen dúbida un proxecto así"

Lucía Romero Lores

Alumna traballadora da especialidade de Cociña da EO "Hostalería do Salnés II"

Isto comezou en Decembro de 2006 e como proxecto está moi ben pensado, porque é unha boa saída para formarte e atopar un bo traballo, pero creo que ao ser aínda o segundo proxecto a organización non remata de ir como debería.

A min persoalmente este curso tróuxome moitas cousas boas, pero hai que recoñecer que no noso módulo tivemos mala sorte, xa que estivemos tempadas bastante longas sen profesor, e cremos que non puidemos aprender todo o que nos gustase.

Hai compañeiros que opinan, e eu me inclúo, que tiñamos que ter de profesor a Paco dende o principio de curso, pero ningún tivo a culpa do que pasou e agora estamos todos bastante contentos co profe-

sor que nos trouxeron. Tamén hai que recoñecer que non ter profesor ese mes veunos ben para darnos conta de que nós solos fomos capaces de servir comidas aos nenos sen ningún tipo de problemas.

Por outra parte, os cursos que nos impartiron no centro estiveron moi ben. Cun deles conseguimos o carné de manipulador de alimentos. Tamén o curso de prevención de riscos laborais foi moi interesante, xa que é moi necesario no noso traballo.

Algúns dos alumnos están xa un pouco sufocados de estar aquí, son moitos meses e moitas personalidades distintas, pero ao final soubemos convivir e levarnos ben. Moitos de nós, repetiríamos sen dúbida un proxecto así.

“Nós deste proxecto estamos satisfeitas e intentamos quitar o máximo proveito posible”

Laura García Pérez
Fátima Nieto Dios

*Alumnas traballadoras da especialidade de Camareiro/a de Andares
da EO “Hostalería do Salnés II”*

A escola obradoiro “Hostalería do Salnés” comezou o 29 de decembro de 2006 e creo que todos empezamos con moitas esperanzas. Ao principio, nós, o alumnado do módulo de camareira de andares, tivemos xa un problema coa nosa profesora, xa que non nos entendiamos con ela, non nos explicaba como tiña que ser e non se sabía organizar. Unha vez que conseguimos que a dirección vise o que pasaba, tomaron medidas e despois de pasar un pouco de tempo, veu a nosa actual profesora que ten máis experiencia, sabe explicar e organizase ben. Con ela, todo o que se propuxo o levamos a cabo.

Aprendemos como levar unha lavandaría, como preparar os carros de limpeza e de lenzaría, o orde que tes que levar para limpar a habitación e o cuarto de baño, a forma de tender a roupa e almacenala ben...

Tamén estamos a ter un curso de corte e confección, no cal o obxectivo é facer certo número de prendas para doar a Cáritas. Coa nosa profesora xa fixemos cortinas para o comedor, manteis individuais para o almorzo e a comida dos nenos do Príncipe Felipe no verán pasado, cobre pratos, fundas de cadeiras, toallas individuais para o baño coa franxa de puntos de cruz, sinalizacións, servilletas...

Tamén fixemos outros cursos como manipulación de alimentos, solidariedade co medio ambiente, informática, prevención de riscos laborais. Así mesmo tivemos clases

de inglés e agora estamos con francés. Os alumnos que non teñen o graduado escolar teñen clases de apoio para obter o título, creo que iso é unha boa oportunidade para poder obtelo.

Nós deste proxecto estamos satisfeitas e intentamos quitar o máximo proveito posible, pero cremos que se houbera mellor organización sería todo mellor. Por exemplo, o curso de corte e confección. Si se aprobase e se comezara antes, poderíamos aprender moito máis, porque agora tres meses non dan para moito máis que facer a obra para Cáritas.

Alumnado traballador do obradoiro de emprego “Hostalaría do Salnés II”



Obradoiro

Alumnado traballador da
especialidade de cociña do
obradoiro de emprego
"Hostalería do Salnés II"



Obradoiro

Coa profesora en xeral estamos satisfeitas porque nos dá moita información e se necesitamos máis información (que nos poida dar), con ela non hai ningún problema. A Dirección pórtase ben connosco, pero cremos que non somos todas iguais para eles, imaxinámonos que será por algo pero non o sabemos.

Nós esperamos que ao rematar o proxecto de Escola Obradoiro "Hostalería do Salnés" teñamos todos traballo nos mellores hoteis da zona. Gustaríanos traballar como Camareira de Andares, que é a nosa especialidade.

O que non nos parece normal, é que en calquera momento do proxecto, entraban alumnos novos, e nós os que empezamos ao principio tivémonos que conformar cos seis primeiros meses cobrando seis euros ao día e logo gañar o aprobado de cada fase, porque os que entraron no principio da segunda fase xa empezaron con contrato e a cobrar o setenta e cinco por cento do salario base sen ter que pasar un exame, nin os seis primeiros meses cobrando seis euros ao día.

Nós esperamos que ao rematar o proxecto, de Escola Obradoiro de Hostalaría do Salnés teñan todos traballo como nos prometeron ao empezar, esperamos que sexa nos mellores hoteis da zona, pero nunca se sabe. Gustaríanos traballar como camareira de andares, que é na especialidade na que estamos a recibir a formación. Ademais dixéronnos que ao rematar era recomendable comezar un traballo relacionado coa especialidade na que nos formamos.

O de saír todos con traballo do proxecto aínda está por ver, porque en verán só veu un hotel de San Vicente a buscar unha persoa para a lavandaría e agora en Semana Santa, veu outra vez o de San Vicente a buscar alguén para a lavandaría e un do Grove para camareira de andares. Das outras especialidades viñeron moitas máis ofertas.

"A idea de crear unha empresa resulta atractiva, pero antes é preciso acadar máis formación e experiencia"

Aitor Pérez Prol

*Alumno traballador da especialidade de Camareiro/a de Restaurante-Bar
da EO "Hostalería do Salnés II"*

Estamos na recta final deste segundo proxecto da Escola Obradoiro "Hostalería do Salnés II" e o meu traballo durante esta etapa pode resumirse en tres partes: os primeiros seis meses nos cales eramos bolseiros, os seguintes seis meses nos que pasamos a ser traballadores, e estes últimos seis meses que consisten sobre todo en complementarnos completamente a un grandísimo nivel para render no noso traballo.

O semestre como bolseiros pasámolo dedicando a maior parte do tempo á teoría, estudando no meu caso os aspectos máis fundamentais relacionados coa especialidade de Camareiro de Bar e Restaurante, e dende que finalizou o primeiro semestre o nivel requirido pola escola foi ascendendo notablemente, xa que pasamos a ter un contrato de traballo e tamén, entre outras cousas, o soldo aumentou. As prácticas son abundantes e mediante elas os meus compañeiros e eu conseguimos ir mellorando.

Toda a formación adquirida por nós neste tempo debémola ao noso profesor Juan Vidal. Eu, persoalmente, considero que tivemos moita sorte con Juan, que ten uns coñecementos moi amplos sobre a nosa especialidade de camareiro de Restaurante - Bar e ademais explica as cousas dun xeito fácil de entender por todos, facendo unhas clases moi amenas e incluso sendo noso amigo en moitísimas ocasións.

Tamén podemos contar con clases de inglés, francés, orientación laboral e de gra-

A miña opinión
sobre a escola é
boa, pero hai
que deixar unha
marxe de mellora

duado escolar para os que non o teñen.
Clases moi requiridas por todos.

O horario sempre se respectou totalmente (algo inusual no noso traballo), pero excepto tratándose de xornadas laborais nas que servimos comidas a grupos de xente, ás tres da tarde rematamos.

En xeral a miña opinión sobre a escola é boa, pero sempre debemos deixar unha marxe de mellora.

Unha vez rematada esta etapa, eu considero que a mellor opción é estudar algunha das ofertas de traballo que nos cheguen, pola lóxica razón de que sexan lugares onde respecten puntos esenciais como o horario e o soldo.

A idea de crear unha empresa resulta atractiva, pero paréceme máis adecuado pensalo para dentro dun tempo, e no caso de que o meu futuro estea ligado á hostalería, debería acadar máis formación e experiencia traballando en hoteis e restaurantes, ata verme capacitado para iso.

Obradoiro

Conversa co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Erizana" de Baiona sobre a súa experiencia no proxecto e as súas expectativas laborais

Obradoiro

“Xa teño corenta e sete anos e ao mellor as empresas xa non me contratan”



Ana Belén, Jesús, Cristina e Manuel

O persoal técnico da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo conversou co alumnado traballador do obradoiro de emprego "Erizana" de Baiona sobre a formación e experiencia adquiridas na súa etapa no proxecto e acerca das súas perspectivas de inserción laboral nun futuro próximo. Ana Belén Domínguez Corrido (Albanelería), Jesús Fernández Carneiro (Fontanaría - Electricidade), Cristina Carracedo Acevedo (Cantería) e Manuel Costas Bastos (Xardinería) participaron no coloquio.



Coloquio co alumnado
traballador do obradoiro de
emprego "Erizana"

Obratedolra

UPD: Que labor estades facendo agora no obradoiro de emprego?

Ana Belén: Estivemos traballando na praza de abastos abaixo, tiramos paredes, asubimos, enfoscamos, puxemos os solos e agora mesmo estamos coa plaqueta.

Jesús: En Fontanarria - Electricidade tamén estivemos coa calefacción, as luces de forza, os calentadores e coa extracción de aire.

Cristina: Estivemos colocando a pedra na praza de Santa Liberata ao redor da igrexa. Fixemos unha nova fonte de pedra na parroquia de Santa María de Baredo.

Manuel: En xardinería estivemos traballando na rotonda da entrada da autoestrada en Sabarís. Estivemos na entrada da ponte romana. E agora estamos montando un xardín na praza en Carvajal.

UPD: Onde atopástedes máis dificultades no momento de desenvolver o voso traballo?

Cristina: Tivemos moi pouco tempo para realizar a obra.

Manuel: En xardinería as ferramentas.

Ana Belén: O material chegou tarde.

Jesús: Perdeuse un mes de traballo por-

que o material chegou tarde.

UPD: Ademais da falta de tempo ou material, tivéchedes algunha outra dificultade ao aprender a vosa especialidade?

Jesús: O traballo en instalacións eléctricas non é doado. A min cústame porque hai moitos números, moitos cables. Tiven que afacerme a cousas que na miña vida tera visto.

UPD: Tiñades experiencia anterior na especialidade que estades a aprender?

Ana Belén: Eu ningunha

Jesús: Creo que ningún de nós a tiña. Eu era albanel e aquí estou en Fontanería - Electricidade.

UPD: Unha vez aprendida a especialidade na que vos estades a formar, pensades seguir traballando na mesma unha vez saídes do obradoiro?

Jesús: Eu espero que si. O que pasa é que xa teño corenta e sete anos e ao mellor as empresas xa non me contratan.

Cristina. A min, aínda que a especialidade gústame, non creo que me dedique á cantería nun futuro.

Manuel: Eu si aparece algo si que me gustaría seguir neste traballo, por que non?

Ana Belén: Eu vexo moi complicado como muller dedicarme á albanelería. Non me vexo nunha obra con cincocentos homes. A min gustaríame, pero non creo que as empresas me contraten.

Jesús: É unha pena que non se dedique a isto porque é moi boa.

UPD: Pensades logo que é unha desvantaxe ser muller no momento de traballar en especialidades tradicionalmente masculinas como a albanelería ou a cantaría...

Ana Belén: Non é que sexa un problema, pero non te contratan.

Jesús: Agora mesmo aquí si que é un problema.

Ana Belén: E aquí porque nos coñecemos. Eu a Suso ou a Cristina os coñezo de toda a vida. Non é o mesmo ir a unha obra onde non te coñecen e polo feito de ser muller xa te miran doutro xeito, non como un compañeiro máis.

UPD: A idade é tamén un problema de cara a inserción no mercado laboral...

Jesús: Si. Por exemplo, aquí en Baiona hai dúas empresas de electricidade e as dúas teñen xente moi nova e cambian moi frecuentemente. Por riba dos vinte anos xa non contratan.

UPD: Como vedes a posibilidade de traballar por conta propia?

Jesús: Non se me pasa pola cabeza. Xa teño fillos casados, teño un neto e agora non estou para romperme a cabeza. Se non me compliquei a vida ata agora...

Ana Belén: Hai demasiado papeleo que facer.

UPD: Que opinades da formación complementaria que recibístedes?

Jesús: Eu penso que está moi ben. É moi interesante ademais

Cristina: Orientación laboral está moi ben. Había xente, eu mesma, que non sabía facer un currículo.

Manuel: O módulo de informática tamén é moi interesante, aínda que tivemos moi pouco tempo. Son soamente trinta horas.

Ana Belén: Eu preferín o módulo de orientación laboral. Informática foron poucas horas e dimos cousas que eu xa sabía. En cambio en orientación laboral aprendemos a facer cartas de presentación, cousas que eu non sabía.

Jesús: En informática tamén aprendemos a facer currículos por ordenador, orzamentos, facturas... Creo que é unha formación moi práctica.



Ana Belén, Jesús e Cristina

“Creo que debería de haber dous niveis nas clases de informática. Un nivel para os que xa teñen coñecementos e outro para os que non saben nada”.

UPD: Tiñades coñecementos de informática antes de entrar no obradoiro?

Manuel: Eu si, enchufar o ordenador na corrente eléctrica.

Cristina: Eu nunca traballara cun ordenador.

Jesús: Eu tampouco tiña coñecementos. Creo que debería de haber dous niveis nas clases de informática. Un nivel para os que xa teñen coñecementos e outro para os que non saben nada.

UPD: Que melloras introducirdes no obradoiro no que respecta a formación, tanto na propia especialidade como na formación complementaria?

Manuel: En xardinería creo que deberíamos dispoñer de terreos para aprender a especialidade.

Jesús: Creo que ao empezar as obras tiñan xa que estar especificadas e debíamos contar xa cun taller onde aprender. Deberíamos ter unhas instalacións a nosa disposición.

Ana Belén: Imos un pouco a correr, e no momento de facer o traballo é complicado porque nós estamos aínda aprendendo e non podemos ir con presas.

Manuel: Ao comezar non había mesas

nas aulas.

Ana Belén: Eu aumentaría o tempo dedicado ao módulo de riscos laborais. Creo que as cincuenta horas que se dan non son suficientes. Tamén deberíamos ter máis horas de informática.

UPD: Que ambiente hai no obradoiro entre compañeiros e monitores?

Jesús: Eu penso que os monitores tiñan que meter máis caña.

Manuel: Son demasiado bos.

Jesús: Debían impoñerse máis no momento de dirixir a obra.

UPD: Pensades que saídes ben preparados de cara a insertarse no mercado laboral?

Manuel: Eu penso que non, porque fixemos máis labor de desbroce e arranxo que de xardinería. Na formación si aprendemos cousas pero non tivemos tempo de poñelas en práctica. Non tivemos terreos onde poder instalar sistemas de rego...

Jesús: Eu particularmente estou bastante satisfeito coa formación e a experiencia adquiridas. Creo que teño unha boa preparación.

Cristina: Penso que aprendemos a facer todo a man e que agora nas empresas de cantería utilizan para case todo máquinas.

Ana Belén: Eu si creo que recibín unha boa preparación. Sobre todo tendo en conta que cando entrei aquí non sabía nada.

UPD: Unha vez rematedes o obradoiro, ides buscar traballo aínda que non sexa na especialidade que fixechedes aquí?

Ana Belén: Se non atopo nada na miña especialidade, buscarei traballo de dependenta.

Jesús: Eu xa tiven moitos traballos. Gustaríame traballar como electricista ou fontaneiro. Si non podo terei que coller outra cousa.

Obravedora

O módulo formativo de Orientación Laboral

Cándida Lavandeira Troitiño
Axente de Desenvolvemento Local
Concello de Mondariz

Sesión de formación complementaria en Orientación Laboral



Apuntamentos

Mondariz é un concello de 86 km² artellados en torno a doce parroquias. O número de habitantes é de aproximadamente 5.700, e as peculiaridades sociais máis características son: 1) dispersión poboacional: aproximadamente 72 entidades de poboación; 2) falta de cualificación e baixos niveis formativos: un 53,05% da poboación -cunha tendencia máis acusada nas mulleres- ten unha titulación inferior ao graduado escolar ou sen estudos, e o 37% da poboación ten o graduado escolar ou equivalente. Só un 7,63% da poboación ten o título de Bacharelato, FIP, ou títulos equivalentes ou superiores; 3) importante e crecente envellecemento poboacional.

O Concello de Mondariz promoveu por primeira vez un Obradoiro de Emprego entre xuño de 2006 e xuño de 2007. Definir as

obras, cando o obxectivo prioritario por parte da entidade promotora era o perfil humano, non foi doado. Redactar os proxectos técnicos -especialmente darlle forma ao do Servizo de Axuda no Fogar- e reunir toda a documentación, incluídas autorizacións de patrimonio e da Confederación Hidrográfica, supuxo un importantísimo esforzo. Adecuar as instalacións para o desenvolvemento do proxecto, un reto, pero finalmente o Plan Mondariz foi unha porta aberta.

As especialidades impartidas foron Traballo Forestal; Construción, e Servizo de Axuda no Fogar, especialidade esta última, máis novidosa. Participaron do proxecto formativo 35 alumnos e alumnas traballadoras, na súa maioría mulleres, que no módulo de Axuda no Fogar acadou o 100%.

Comprobei que para moitas das persoas participantes do proxecto - especialmente mulleres - estabamos amosando o traballo e creando nelas a necesidade de manter ese status de persoa traballadora

A responsabilidade de impartir o módulo formativo de Orientación Laboral, foille encomendada á Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, baixo a óptica de que é quen mellor coñece os recursos e potencialidades do entorno. Se ben é certo que non foi esta unha responsabilidade perseguida, fixouse de contado na axenda de compromisos e responsabilidades co máximo respecto e rigor.

A partir de aí comezou para min -AEDL do Concello de Mondariz- un enorme esforzo profesional e humano, só recompensado coa comprensión e entusiasmo do alumnado traballador participante no proxecto.

Non foi doado.

Sempre quixen explicar o obradoiro de emprego como unha oportunidade de formarse para desenvolver un traballo, non como un traballo en si mesmo. E eu mesma -tecedora de teorías- tiven que comprender o outro xeito de entendela, cando comprobei que para moitas das persoas participan-

tes do proxecto -especialmente para as mulleres- estabamos amosando o traballo, e creando a necesidade de manter ese rol, ese status de persoa traballadora, ese rango de ser social que no traballo tamén se relaciona e autorealiza.

O meu primeiro achegamento ao alumnado traballador, foi a través do Artigo 35 da Constitución española "Todos los españoles tienen el deber de trabajar y el derecho al trabajo, a la libre elección de profesión u oficio, a la promoción a través del trabajo y a una remuneración suficiente para satisfacer sus necesidades y las de su familia, sin que en ningún caso pueda hacerse discriminación por razón de su sexo", e do artigo 12 da Orde do 24 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción, que no seu punto primeiro di literalmente: "O alumnado-traballador, durante todo o proceso formativo, recibirá orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial, para o que as escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego deberán contar co persoal e métodos axeitados".

Apuntamentos

Orientación Laboral do
alumnado dun obradoiro
de emprego



Apuntamentos

A partir de aí, desenvolvemos conxuntamente un espazo de reflexión-xestión para o emprego, en torno a tres piares fundamentais: o traballo por conta allea no sector público, o traballo por conta allea na empresa privada e o autoemprego. A publicidade das ofertas, os procedementos de selección, cómo elaborar e presentar un curriculum vitae, cómo organizar a axenda e como afrontar unha entrevista de traballo. Qué lle vou ofrecer a unha empresa, fronte á incuestionada pregunta: Que lle pido a unha empresa?

Tamén se abordou o traballo por conta propia, coa presentación puntual das diferentes ordes de convocatorias públicas de subvención para as diferentes modalidades empresarias, e contando ademais cun curso específico impartido por persoal técnico de Bic Galicia, e a experiencia dun profesional vencellado ao sector forestal.

Considero imprescindible para o proceso

É imprescindible para o proceso de inserción, definir claramente o obxectivo profesional, porque entendo que non se pode ir a ningures sen saber o que se quere

de inserción, definir claramente o obxectivo profesional, porque entendo que non se pode ir a ningures sen saber o que se quere. Pero algo aparentemente tan doado, foi especialmente custoso para persoas cun nivel formativo moi baixo, cun obradoiro de emprego como única experiencia laboral, e cunhas expectativas salariais non inferiores ao que é un obradoiro de emprego.

Sempre reflexionei sobre o desaxuste existente entre os obradoiros de emprego - como ferramenta de formación e adestramento para o mercado laboral- e o emprego real nas empresas que producen e comercializan bens e servizos, empresas que, en definitiva, son as que contratan persoal. Parece existir o tópico de que o alumnado traballador dos obradoiros de emprego non teñen un rendemento igual que os traballadores das empresas, como si as obras que se fixeron baixo esta fórmula non tiveran sido importantes, non só pola dimensión, senón polo exquisito cumprimento de medidas de seguridade e prevención de riscos, o rigoroso cumprimento do horario, a disparidade dos perfís humanos, a adecuación ás porcentaxes de representación e integración, o profundo respecto polos dereitos dos traballadores e o entusiasmo e goce co traballo.

Alumnado traballador nunha sesión de formación complementaria en Orientación Laboral





Sesión de formación
complementaria en
Orientación Laboral

Sen dúbida algunha, coñecer un emprego -moitas veces o único emprego- a carón dun obradoiro, pode chegar a ser un obstáculo en termos de expectativas, nun mercado no que os estándares de calidade no traballo, retribución, porcentaxes de representación, conciliación, e sobre todo en termos económicos seguen sendo bastante febles. Pero o entusiasmo e a lealdade que amosan os alumnos traballadores, é moi difícil de explicar, e transmitir isto quizais sexa unha materia pendente para as entidades promotoras de obradoiros de emprego que están contribuíndo co empresariado en formar profesionais cualificados, dispostos ademais a achegarse á empresa.

Quizais Mondariz acertara ao definir o proxecto non en función da obra ou prestación de servizos, senón en función da capacitación das persoas cara o acceso ao mercado de traballo con mellores garantías, porque penso que a meirande parte do éxito do proceso de inserción profesional dos alumnos traballadores comeza no momento mesmo da selección de especialidades, e que estas se establezan de acordo cos parámetros poboacionais, coa realidade local, e as necesidades do mercado laboral do territorio.

É básico un diagnóstico territorial que

permita coñecer e recoñecer as necesidades reais, para favorecer o crecemento endógeno, creando sinerxias entre os diferentes axentes, e non cabe dúbida, que neste senso é imprescindible contar coa participación dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local. Que sexan eles ou non os que impartan unha especialidade formativa, ten diferentes lecturas.

Quizais Mondariz
acertara ao definir
o proxecto non en
función da obra
ou prestación de
servizos, senón en
función da
capacitación das
persoas cara ao
acceso ao
mercado de
traballo

Apuntamentos

O cooperativismo, ferramenta para o desenvolvemento local

Ana Lorenzo Vila

*Presidenta da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Eixo
e representante da Federación de Cooperativas Sinerxia
no Consello Galego de Cooperativas*

Apuntamentos

Ana Lorenzo Vila



O actual modelo económico hexemónico está a xerar exclusión, desigualdade, pobreza, desequilibrios territoriais e ecolóxicos... A economía social representa outro modelo de relacións económicas diametralmente oposto e, neste sentido, constitúe nos nosos días unha oportunidade para nos desenvolver con criterios de xustiza, equidade e sostibilidade.

É importante refrescar o significado do cooperativismo como modelo económico. Para iso, podemos comparalo cos outros tres modelos económicos que conviven con el: o modelo de relacións capitalista, a economía pública e a economía doméstica.

No modelo de relación capitalista, que é o dominante, o motor da economía é o acrecentamento do capital. As persoas que dispoñen de capital o "emprazan" para que

lle dea rendemento, en forma de máis capital. O capital é o fin, e as necesidades das persoas son simplemente o medio.

Nos outros modelos, incluída a economía social, esta lóxica invértese: satisfacer as necesidades das persoas é o fin e o capital é só un medio (trasladado á economía pública falaríamos do interese xeral).

No que respecta aos modelos de organización, todos se caracterizan por ser xerárquicos: uns mandan e outros obedecen. Manda quen máis capital ten; manda quen ostenta o goberno (a democracia representativa conxuga procesos electorais con estruturas claramente xerárquicas); mandan os pais sobre as mulleres e a infancia. Todos menos o modelo da economía social, baseado na democracia asemblearia (existe delegación, pero os asuntos máis relevantes se conservan no poder decisorio da asemblea, na cal cada persoa pesa o mesmo que outra).

A orientación cara a obxectivos sociais e a organización democrática, na cal "mandan" as persoas que comparten necesidades e se organizan para resolvelas en común, fan do modelo un garante para conxugar as dimensións económica e social do noso benestar, sen detrimento de ningunha delas.



Cooperativistas siguen un programa de formación na aula itinerante Nexus Rede

Podemos revisar, con datos obxectivos, cal é realmente o impacto da economía social. As cooperativas e sociedades laborais, teñen demostrado ser quen de conservar o volume de emprego en situacións de crise. Diferentes estudos coinciden en outorgarlles unha especial capacidade de inclusión de colectivos con maiores dificultades: beneficianse disto fundamentalmente as

En Galicia existe tradición, hai experiencias de longo percorrido e outras máis novas que actualizan os principios da economía social atendendo ámbitos como o comercio xusto ou o consumo responsable

mulleres, a poboación do medio rural e a mocidade. Xeran condicións de emprego estable, máis cercanas á igualdade, con máis medidas de conciliación da vida laboral e familiar que o resto de empresas, tamén con maior acceso da muller a postos de dirección. Son empresas arraigadas territorialmente, asfixadas a través do vínculo societario da base de traballadores e traballadoras que a conforman.

Por outra parte, o feito de asentárense en modelos organizativos democráticos, de responsabilidade compartida e de intercooperación, fai das cooperativas unha organización que traduce algunhas das máis actuais liñas enunciadas como estratexias de desenvolvemento: a mobilización do capital social, a participación activa da comunidade, a acción colaborativa entre diferentes axentes...

En Galicia existe tradición, hai experiencias de longo percorrido e outras máis novas que actualizan os principios da economía social atendendo ámbitos como o comercio xusto ou o consumo responsable, existen organizacións de cooperativas sólidas con traxectoria de traballo e coñecemento moi útil. Tamén está expresado o apoio político a esta fórmula, tanto no ámbito autonómico, que ten as competencias nesta materia, como nas liñas que marca Europa a respecto das estratexias de desenvolvemento.

Apuntamentos

Apuntamentos

Por que non se utiliza en maior medida a ferramenta do cooperativismo? Por que podemos valorar que os froitos que dá son escasos? Persoalmente penso que se conxugan varias cuestións: que ten unha presenza social escasa como referente válido; que é un modelo esixente para as persoas que o promoven e que o forman; que as axencias de desenvolvemento non teñen conseguido ata o de agora apoiar este tipo de proxectos atendendo ben os aspectos diferenciais que lle son propios.

Escasa presenza social como referente válido

No noso contorno, non só o galego, o emprego normalizado é o emprego por conta allea, sexa asalariado na empresa privada, sexa por conta do sector público. A motivación para o emprendemento ten un peso menor e, dentro desta, ter que compartir o proxecto con outras persoas se vive en xeral como un problema, xa que existen poucas vivencias e aprendizaxes das achegas positivas que supón a cooperación, das

As cooperativas e os seus logros sociais e organizativos teñen ata o de agora unha moi escasa presenza no imaxinario social. Afecta, polo tanto, unha natural desconfianza cara ao descoñecido

formas de organización que implica, etc.

Por outra parte, as cooperativas e os seus logros sociais e organizativos teñen ata o de agora unha moi escasa presenza no imaxinario social. Afecta, polo tanto, unha natural desconfianza cara ao descoñecido.

Modelo esixente para as persoas

Facer parte dunha cooperativa significa corresponsabilizarse sobre a súa marcha económica, sobre o cumprimento de obxectivos sociais, sobre os posibles retos que poidan abrirse tanto externos como





Ana Lorenzo (esquerda) na
presentación do programa da
CIG de divulgación da
economía social

Traballar nunha
cooperativa esixe
adquirir
coñecementos en
xestión
empresarial e
habilidades sociais

internos... E esta maior cota de responsabilidade pode verse como un facto motivador e de desenvolvemento persoal, pero tamén pode verse como unha sobrecarga.

En principio esixe preocuparse de adquirir coñecementos en máis eidos que o profesional: por exemplo en xestión empresarial, en habilidades sociais e traballo en equipo. Tamén esixe participar das decisións dun xeito horizontal, cuestión para a cal temos tamén poucas aprendizaxes e que, polo tanto, pode xerarnos maior inquedanza.

O papel das axencias de desenvolvemento

Basicamente argumento aquí que un proxecto cooperativo debe ser acompañado ou apoiado de distinta maneira que outros proxectos empresariais. Xunto á viabilidade económica é central traballar a viabilidade societaria, e outorgar formación que precisamente vaia dirixida aos ámbitos

de maior esixencia que enunciei antes.

E penso que a maior parte da persoas que ocupan funcións técnicas de apoio ao desenvolvemento non teñen suficientes coñecementos para atender estas particularidades.

Desde a Consellería de Traballo estase a manter unha liña sostida de formación para solventar esta barreira. Tamén consideramos moi importante apoiarse nas asociacións de cooperativas, que teñen desenvolvido as ferramentas para este tipo de acompañamento e ademais teñen a capacidade de "adiantarse" aos problemas que adoitan compartir os proxectos cooperativos.

Un proxecto
cooperativo
debe ser
apoiado de
distinta maneira:
xunto á
viabilidade
económica hai
que traballar a
viabilidade
societaria

Apuntamentos

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego



UNIDADE DE PROMOCIÓN
E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO



FONDO SOCIAL
EUROPEO



REDE DE
TÉCNICOS
DE EMPREGO
DE GALICIA